USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN
Departamento de Ciencias da Comunicación

ESTUDOS AUDIOVISUAIS
GI. 1786 Comunicación audiovisual:
contidos, formatos e tecnoloxía

ENCONTRO INTERNACIONAL DE INVESTIGADORES

O ENSINO NO DOCUMENTAL
O DOCUMENTAL NO ENSINO

21, 22 E 23 SETEMBRO 2005
SANTIAGO DE COMPOSTELA



EDITORA:
MARGARITA LEDO ANDIÓN

Estudos Audivisuais
GI. 1786 Comunicación Audiovisual: contidos, formatos e tecnoloxía

Encontro Internacional de Investigadores

O documental no ensino. O ensino no documental
21, 22 e 23 setembro 2005

Universidades que participan:

Universidade de Santiago de Compostela
Universitat Autònoma de Barcelona
Universitat Pompeu Fabra
Universidade Lusófona de Lisboa
Instituto Politécnico de Porto
University West of England

Santiago de Compostela

Editora: Margarita Ledo Andión

Relatoras: Marta Pérez
Silvia Roca

ISBN 84-690-0769-6
D.L. C-2324-06

máis información: www.usc.es/oda

Proemio

Vai para dez anos encetábamos, cun posgrao piloto que se anomeou <<O Guión e o estilo documental>> e que decorreu na Facultade de Ciencias da Comunicación de Compostela, a primeira experiencia regrada sobre este suxeito múltiple, o documental, no ensino superior do Estado español. No tempo que pasou as propostas sucedéronse nos diferentes niveis de formación con materias incorporadas aos dous ciclos das carreiras de Xornalismo e Comunicación Audiovisual, coa consolidación de Mestrados nas Universidades Públicas de Catalunya, coa irrupción no ámbito dos festivais, congresos e simposios que debaten e amplan o coñecemento encol o cinema do real, coa presenza no mundo editorial.

Comeza, agora, un periodo de reordenamento do ensino europeo e parécenos oportuno facer balance do que se leva realizado, analizar os diferentes percursos, avaliar, en suma, o lugar do documentario na sociedade, na cultura, no coñecemento.

No seminario de investigadores que por tres días se desenvolveu en Compostela so a filosofía do intercambio de experiencias e a comunicación pública dos resultados destas experiencias, puxemos en común e debatemos arredor das modalidades de ensino: profesional, universitario, escolas de especialización; tratamos sobre o papel do documental nas Ciencias da Comunicación e dos campos de aplicación da formación documental; indicamos algunhas posibilidades para futuros posgraos e mestrados no cadro do EEES (Espazo Europeo do Ensino Superior); falamos de programas, modos de financiamento, fórmulas de colaboración entre nós, mecanismos para a circulación e posta en valor das producións que deveñen da formación.

Pasamos dunha ausencia do documental nos curricula universitarios á súa presenza inevitábel e, canda ela, a unha mudanza na consideración xeral deste obxecto que identificamos como cinema documental, mudanza que se manifesta no retorno da mirada autoral, no acceso aos circuitos de exhibición estándar ou na proliferación de ofertas extra-universitarias. Tal vez sexa difícil atopármonos cun exemplo máis diáfano do necesario que era e continua a ser o documentario como produto contemporáneo.

Este caderno anota o desenvolvemento das sesións de traballo e anticipa algunhas boas intencións.

Continuará.

Grazas.

Margarita Ledo Andión